

LAUDATIO QUIQUE PEÓN-LUGO, AELG, 18 OUTUBRO 2024

María Pilar García Negro

Presidente da AELG, equipa de traballo de Memoria Oral desta Asociación, Antonio Reigosa, deputada da Deputación Provincial, concelleiro do Concello de Lugo, profesora Camino Noia, Su Garrido Pombo e Celso Fernández Sanmartín, amigas e amigos:

É para min unha honra moi grata participar neste acto de celebración e homenaxe tan merecida a Henrique Peón, a Quique Peón. Éo por se celebrar na miña cidade natal, coa que me unen vínculos afectivos e cívicos que van para alén do nacemento nela hai xa moitos anos (digamos, sen maior precisión, que no ecuador do século XX) e éo, sobre todo, pola miña admiración e simpatía polo noso homenaxeado desque o coñecín e puiden desfrutar da súa arte musical, coreográfica, teatral e, aínda, desque puiden valorar en todo o que merece un traballo inxente de décadas, por todo o noso país, na procura da fonte limpa, como di o noso refrán, isto é, da autenticidade, variedade e elegancia da nosa danza e da nosa música tradicionais. Créanme se lles digo que ese entusiasmo e ese recoñecemento do noso artista son as miñas únicas credenciais para poder dirixirlles estas palabras de celebración e de louvanza da súa obra, da súa innovación e da súa actividade didáctica e divulgativa. Limitadas credenciais, polas que solicito do noso protagonista a indulxencia debida, se o retrato que del fixer fica pequeno e fandelo a respeito da estatura real do seu labor.

QUIQUE PEÓN é un auténtico pioneiro da nosa cultura contemporánea. Vivemos uns tempos en que se fai preciso esclarecer a semántica primixenia de certas palabras, sobadas e manipuladas até perderen o seu significado verdadeiro. Sabémolo con termos como “estratexia”, “feminismo”, “nacionalismo”... Tamén con este que nomeamos: “pioneiro”. Se todo o mundo é ou foi pioneiro, ninguén o é ou foi, está claro. Por tanto, cómpre esclarecer o dito: Quique Peón é un auténtico pioneiro da nosa cultura contemporánea, no que toca á música tradicional, á danza, á procura das fontes orixinarias dunha valiosísima arte popular, á consideración, en fin, de que ela, en por si, constitúe unha linguaxe propia, específica, intransferíbel e, desde logo, non submetida a miméticas recreacións de curto voo e nula transcendencia.

Isto, hoxe, seica fai parte dun repertorio de afirmacións que todo o mundo partilla, mais vaíamos aos feitos e á historia. Á altura de 1978, en que nace XACARANDAINA, na cidade da Coruña (con Felicitas Sanleón como *alma mater*), aínda eran ben persistentes os ecos da apropiación do folklóre galego por parte do rexime que só formalmente finou en 1975. Na nosa retina colectiva tiñamos ben viva a redución do mesmo á actuación dos “Coros y danzas” da “Sección Femenina” ou a inclusión marxinal e controlada en certas efemérides ou celebracións. Era o espírito da “unidad en la diversidad” ou, viceversa, da “diversidad en la unidad”, coa xerarquía convenientemente marcada para o español, que se permitía, paternalistamente, incluír pezas chamadas “regionales” ou “vernáculos” para asegurar aquel falso axioma da unidade imposta. De modo e maneira que, cando nace Xacarandaina, o primeiro mandato que se impuxeron foi romper esta concepción apendicular e asimilada da nosa arte. Foi, de certo, un acto autodeterminante, e así o proclamo *ore rotundo*. E foino porque a primeira “hixiene” conceptual ou epistemolóxica consistiu en establecer o principio de contarmos cunha arte da danza tradicional e un repertorio musical extraordinarios, cuxo suxeito era o noso propio povo, negado como tal, vilipendiado, caricaturizado mesmo, co cal asistimos, naquel derradeiro cuartel do século XX, a unha verdadeira mutación épica: a arte xenuína non viña de arriba abaixo, senón enteiramente ao revés: as mulleres e os homes do povo eran os seus artífices; o maxisterio non proviña de nengunha autoridade autodeclarada, senón delas e deles, dos que souberan conservar e arriquecer un legado específico polo que xa nos coñecían –aos “Kallaikoi” ou “Gallaici”– os historiadores gregos e romanos que se ocuparon dos nosos antepasados. En segundo lugar, cumpría executar todo un labor de rescate: sacar esta representación artística dos seus usurpadores e elevar á máxima categoría da alta cultura este universo de traballo, creación, humor, elegancia, variedade e pluralidade. Dar voz e presenza pública ás pandeireteiras, ás cantareiras, ás bailadoras e bailadores, a tantos paisanos, que nun impagábel traballo de procura, de recolla e de fixación e difusión realizou este grupo, con Quique Peón á fronte.

Porque xa é moito horas de dicir que aí estaba, desde ben novo, con 18 anos, na súa primeira mocidade, Quique Peón, quen en 1982 dirixe o grupo que hoxe nos orgulla a todos. Grazas a el e ao seu empeño, por vez primeira subiron ao palco como artistas que eran pandeireteiras, gaiteiras ou cantareiras. En escenarios urbanos, vilegos, rurais..., co cal se rompía un outro tabú: a separación clasista entre cultura popular e cultura formal

ou “seria”. Aí estaba Quique Peón. Nada naceu por xeración espontánea ou por obra dunhas autoridades que continuaban a ser fortemente asimilistas e colaboracionistas da nosa redución a complemento circunstancial. Tan é así que, grazas a el e ao seu traballo, ficou decisivamente reformulada a noción de folklore, devolvéndoo á súa significación etimolóxica: a arte do traballo e da cultura do povo, e denunciando así a falsa apropiación que xa explicara no seu día o escritor occitano Robert Lafont, cando se refería a que os poderes coloniais favoreceron o folklore dos povos submetidos, porque, nesa versión asimilista, non pode ser utilizado positivamente por eses povos máis que unha vez abolida a dependencia económica e reconstruída a verdadeira dignidade cultural. Quique Peón e o seu grupo, pioneiramente, adiantaron e practicaron esta nova perspectiva. Algo elementar, mais non por iso sabido ou recoñecido: a necesidade de apropiármonos do noso, de combater con todas as armas ese dereito á ignorancia que historicamente se nos inoculou.

Desde aqueles anos lonxincuos da OJE, da Sección Femenina, dos Coros y Danzas..., é moito o camiño andado, é moita a extensión e a calidade do traballo do noso artista e de todo o colectivo que el coordena e dirixe. Permítenos asistir a toda unha viaxe de coñecemento e de descuberta, sabéndomos que a Ítaca do noso destino está entre nós, que a Arcadia dos nosos sonhos ha de despertar pola nosa vontade. É así como nos emocionamos sen pausa en todos os espectáculos con que nos agasallou, coas maravillas coreográficas das súas bailadoras e bailadores, coa ampliación musical do trío instrumental básico, coa innovación arrequecedora de harmonías, melodías e danzas. Na intelixencia –como dicía Castelao– de que o peor inimigo da tradición é o tradicionalismo, quer dicir, o estancamento ou o estatismo sen modernización. Desta necesaria contemporaneidade bebeu competentemente Quique Peón para avivecer a súa obra, sexa en montaxes teatrais como *O poder do arcabuz*, en discos como os gravados por Radio Cos ou Os do fondo da barra, sexa na recreación dunha particular viaxe con destino en Santiago de Compostela e en Fisterra, nun afán constante de dignificar –dentro e fóra da Galiza– a nosa arte, a nosa cultura, por todas as nosas vilas e cidades, como pola súa participación en festivais da Bretaña, de Portugal, de España ou doutros moitos lugares do mundo. Onde Quique Peón e Xacarandaina foron, Galiza existiu, Galiza brillou.

Mais cómpre subliñar un feito menos nomeado, a xeito de pregunta: que hai detrás do palco, que hai na trastenda do que nós, espectadores, desfrutamos e gozamos? É admirábel o traballo acumulado e con continuidade nos nosos días. Son miles de nenas e nenos, rapazas e rapaces, os que pasaron pola escola de Xacarandaina: nomes ben acreditados como Xavier Díaz ou Bieito Romero así o certifican. Foi impulso decisivo para que compositores e musicólogos como Juan Durán ou Paulino Pereiro escribese pezas que resultan homenaxes directas á nosa música popular e tradicional. É así como se fai certa a máxima clásica que nos informa de que todas as artes son amigas e quen intentar divorcialas non comprenderá nengunha. Quique Peón non admitiu límites, non se impuxo metas codificadas: a súa viaxe tocou moitos portos, arribou a moitas novidades, descubriu moitos tesouros ocultos ou menosprezados. É así como foi e é fundamental o seu contributo, tamén, ao resgate e coñecemento da nosa historia distintiva, sexan os Irmandiños, sexa a emigración a Ultramar ou o Camiño de Santiago.

E tamén é moito horas de afirmar que este foi un traballo autónomo e solitario. Solidario co povo ao que pertencemos e cuxa cultura reloce en cada representación, mais solitario por desafecto ou abandono institucional. O povo –como lembra sabiamente o noso artista– fixo o seu traballo. Xa tarda de máis que o fagan os poderes públicos que pagamos e que se deben ao povo que os xustifica. Os gorrións contra os falcóns –de novo, en palabras de Quique Peón–.

Hai un outro valor que cómpre salientar: a ruptura da tantas veces falsa dicotomía entre dedicación amateur e dedicación profesional. En Xacarandaina son amadores e a súa arte brilla por riba, en tantas ocasións, dos chamados profesionais. Só que cando falamos de cultura contemporánea, estamos a falar de necesidade de financiamento, proxección, divulgación, representacións aseguradas, continuidade... Deberes que comprometen as institucións públicas a quen, desde aquí, volvemos interpelar –como nos tocou facer durante moitos anos– para seren dignas do nome que portan e, mesmamente, de quen as financia a elas, nós, os contribuíntes galegos. Porque o que fixo e fai Quique Peón é **PRODUCCIÓN PROPRIA**, no sentido máis pleno do termo.

Amigas, amigos, cantar, bailar, facer música... non é un adxectivo accidental ou secundario da nosa personalidade nacional. É un epíteto, inherente, por tanto, a ela mesma. Unha maravillosa cédula de

apresentación, perante nós mesmos, e para todo o mundo que nos queira coñecer e apreciar. Óptima porta de entrada para amarnos e orgullármonos do que fomos e do que somos.

Como saben, a Real Academia Galega decidiu facer protagonista do próximo Día das Letras Galegas o noso cancionero popular, centrado en varias cantareiras da nosa nación. A centenaria institución sómase así a un recoñecemento oficial que, hai máis de cuarenta anos, iniciou Quique Peón. Así debiera ser recoñecido publicamente. Por isto, todos os parabéns á AELG e todo o cariño e admiración, como galega e melómana, ao noso artista, o que tiveron a oportunidade de coñecer grazas á compañeira e amiga Carme Fernández Pérez-Sanjulián, a quen tamén aplaudín como bailadora de Xacarandaina. Nome ben expresivo que sempre me lembrou o alcume dun meu tío célebre pola súa simpatía: era chamado o Xacarandas. Viva Quique Peón, longa vida á arte galega!